

PROGRAMACIÓN 6º PRIMARIA

CIENCIAS NATURAIS

CPI TINO GRANDÍO

CURSO 2017/2018

ÍNDICE

1. Normativa.

2. Introducción e contextualización

3. Obxectivos.

Obxectivos xerais de EDUCACIÓN PRIMARIA.

Concreción dos obxectivos para a área de Ciencias da natureza en 6º EP

4. Competencias clave.

Comunicación lingüística.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Competencia dixital.

Aprender a aprender.

Competencias sociais e cívicas.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Conciencia e expresións culturais.

5. Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.

6. Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave.

7. Materiais e recursos didácticos.

8. Procedemento para a avaliación inicial.

9. Procedemento de avaliación continua e final.

10. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

11. Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.

12. Atención á diversidade.

13. Actividades complementarias e extraescolares.

14. Perfil competencial .

15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora .

1. Normativa.

- **Lei Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro (LOMCE) para a mellora da calidade educativa, que modifica en distintos aspectos a **Lei Orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de educación (LOE).
- **DECRETO 105/2014**, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 09.09.14)
 - **Resolución do 15 xullo de 2016**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. _ **Capítulo V: Programacións didácticas** (DOG 01.08.16)

2. Introducción e Contextualización.

O CPI Tino Grandío está situado no centro do pobo de Guntín. Imparte ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria. A lingua materna dominante é o galego.

O grupo de alumnos e alumnas que conforman 6º de primaria neste curso 2017/2018 está formado por 10 alumnos/as. Un dos alumnos/as ten necesidades específicas de apoio educativo motivadas entre outros aspectos polas súas condutas altamente disruptivas na aula, debido as súas dificultades no ámbito das habilidades sociais. E outro con dificultades de aprendizaxe.

A área de Ciencias Naturais proporciona información básica científica, centrándose no estudio dos fenómenos naturais e da vida persoal, buscando construír habilidades e actitudes positivas asociadas á ciencia.

Buscamos tamén a través do pensamento científico colaborar para que o alumnado sexa capaz de facer fronte a problemas da vida cotiá e a desenvolverse nunha sociedade moi condicionada polos desenvolvementos científicos e tecnolóxicos, así como desenvolver actitudes responsables sobre aspectos relativos á vida e á saúde, aos recursos e ao medio que nos rodea.

3. Obxectivos xerais.

3.1. Obxectivos xerais da Educación Primaria.

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, as Ciencias Sociais, a Xeografía, a Historia e a Cultura, con especial atención a aqueles relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das Tecnoloxías da Información e da Comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- l) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- n) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- ñ) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuizos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

- o) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- p) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.

3.2. Concreción dos obxetivos para 6º de Educación Primaria en termos de Competencias clave.

1. Coñecer, a través da investigación e a experimentación, as propiedades dos materiais de uso común, así como o seu comportamento ante a luz, o son, a calor, a humidade, o magnetismo e a electricidade. (*Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista*).
2. Realizar sinxelas experiencias para estudar as reaccións químicas, os comportamentos das mesturas, explicando de forma oral e escrita o proceso seguido e o resultado obtido, e respectando e valorando as normas de uso, seguridade e conservación dos instrumentos e materiais de traballo. (*Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista*).
3. Diseñar obxectos e aparellos cunha finalidade, utilizando fontes enerxéticas, operadores e materiais apropiados, así como

principios básicos da electricidade e da transmisión da corrente eléctrica, e valorar a súa utilidade. (*Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista*).

4. Coñecer as achegas de investigadores, científicos e inventores ao longo da historia para o progreso da ciencia. (*Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista*).

5. Coñecer que a célula é a unidade estrutural básica dos seres vivos e comprender a súa importancia na organización dos tecidos, os órganos e os sistemas e aparatos do corpo humano e a súa relación coas funcións vitais. (*Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista*).

6. Identificar e adoptar hábitos saudables, así como técnicas de primeiros auxilios para previr enfermidades infecciosas e enfermidades relacionadas co bo funcionamento dos órganos e os sistemas do corpo humano. (*Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista*).

7. Coñecer diferentes niveis de clasificación da materia viva, empregando instrumentos e medios tecnolóxicos con certa precisión e

rigor, e aplicando os principios de seguridade. (*Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista*).

8. Adoptar actitudes de respecto polo medio físico e os seres vivos que o habitan co fin de fomentar o equilibrio dinámico da natureza e o mantemento do contorno natural. (*Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal*).

9. Describir fenómenos físicos de forma estruturada e co vocabulario adecuado. (*Comunicación lingüística / Intelixencia lingüística e verbal*).

10. Iniciarse na utilización das TIC cun espírito crítico. (*Dixital / Intelixencia lingüística e verbal*).

11. Tomar decisións reflexionando e sopesando posibilidades de maneira autónoma e responsable para facer fronte a situacións cotiás. (*Iniciativa e espírito emprendedor / Intelixencia intrapersoal*).

12. Participar das iniciativas que xurdan do grupo cooperando como parte dun proxecto común. (*Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal*).

13. Establecer conxecturas, comprobacións e conclusións respecto tanto de feitos que suceden dunha forma natural como sobre os provocados a partires de pequenos experimentos ou experiencias. (*Matemática. Ciencia e tecnoloxía; Iniciativa e espírito emprendedor; Aprender a aprender / Intelixencias naturalista e intrapersoal*).

4. Competencias clave.

Competencias: son as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

As competencias clave do currículo son as seguintes:

COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA (CSC)

Desde esta área contribúese a que os alumnos comprendan a realidade na que viven e a que desenvolvan coñecementos e actitudes sobre a sociedade actual.

Tamén reforza a capacidade de traballar en equipo: o diálogo, a resolución pacífica de conflitos, a aceptación de puntos de vista alleos á hora de utilizar estratexias persoais de resolución de problemas, ser tolerante e respectar as opinións de compañeiros/as.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCT)

A área estimulará a competencia matemática na medida en que o alumnado se enfrente a situacións cotiás a través da observación, experimentación e desenvolvemento de proxectos e de traballos que precisen o uso de técnicas adecuadas para calcular, aplicar estratexias de resolución de problemas, estimar a lóxica e a validez das argumentacións e reflexionar sobre estas, apoiar explicacións e presentar informacións na linguaxe matemática.

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)

Desde esta área contribúese ao aumento significativo da riqueza en vocabulario específico que implicará, ademais, claridade nas exposicións, rigor no emprego dos termos, estruturación do discurso, síntese,...

Unha boa parte das aprendizaxes desta área preséntanse en diferentes códigos, formatos e linguaxes, requirindo diferentes procedementos para a súa comprensión: na resolución de problemas adquire especial importancia a expresión tanto oral como escrita dos procesos realizados e dos razonamentos seguidos posto que axudan a formalizar o pensamento.

COMPETENCIA DIXITAL (CD)

Son numerosos os recursos que existen na rede que contribúen ao desenvolvemento destas áreas: espazo Abalar, visionado de vídeos explicativos de experiencias científicas (youtube), apps, aplicacións didácticas (jclíc, edilim)

Debemos conseguir que o alumnado dispoña de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para poder transformala en coñecemento, cunha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando fora necesario, e respectar as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e as súas fontes en distintos soportes.

COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

Tamén a competencia para aprender a aprender é susceptible de desenvolvemento en todos os bloques desta área, deseñando tarefas para que o alumnado aprenda a contrastar e seleccionar información apropiada segundo os obxectivos programados, a tentar distintas estratexias para resolver problemas, a planificar proxectos, a investigar a partir dos coñecementos que xa ten sobre un determinado tema, etc. Ao final da etapa o alumnado debería ser capaz de planificar e desenvolver proxectos e investigacións acordes co seu nivel, sendo cada vez máis consciente das súas propias capacidades para identificar os posibles obstáculos, buscar os recursos apropiados e por último autoavaliar os seus logros para corrixir os erros e aprender deles.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE)

Esta área favorece a iniciativa e o espírito emprendedor desde todos os seus bloques mediante a planificación de tarefas enfocadas cara ao fomento da responsabilidade, a perseveranza, a toma de decisións, a resolución de problemas, a capacidade de análise, o coñecemento de si mesmo e a autoestima. Na elaboración e desenvolvemento de proxectos individuais e colectivos o alumnado pode transformar as ideas en accións, explorar, tomar camiños equivocados, construír modelos...; é dicir, propoñerse obxectivos e planificar e levar a cabo o planeado.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC)

Esta competencia tamén se traballa coas nosas actividades, xa que relacionámolas con prácticas doutras culturas.

5. Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.

COMÚNS AOS TRES TRIMESTRES		Unidades didácticas en que se desenvolven: todas
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>Bloque 1. Iniciación á actividade científica 1. Iniciación á actividade científica. Aproximación experimental a algunhas cuestións.</p> <p>2. e 3. Utilización de diferentes fontes de información (directas, libros). Utilización das TIC (tecnoloxías da información e da Comunicación) para buscar e seleccionar información, e presentar conclusións.</p>	<p>1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes básicas e comunicando os resultados.</p> <p>2. Establecer conxecturas respecto tanto de sucesos que ocorren dunha forma natural como sobre os que son provocados a partir dun experimento ou unha experiencia.</p> <p>3. Comunicar de forma oral e escrita os resultados, presentándoos con apoios gráficos.</p>	<p>1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante en fontes directas ou indirectas; analízala, extrae conclusións e comunica a súa experiencia, reflexionando sobre o proceso e comunicándoo oralmente e por escrito.</p> <p>1.2. Utiliza medios propios da observación, tales como instrumentos ópticos e de medida, e consulta e utiliza documentos escritos, imaxes, gráficos...</p> <p>2.1. Realiza pequenos experimentos ou experiencias establecendo conxecturas respecto tanto de feitos que suceden dunha forma natural como sobre os que son provocados.</p> <p>3.1. Utiliza de maneira axeitada o vocabulario correspondente a cada un dos contidos traballados, na</p>

<p>4. Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes na aula e no centro. Traballo individual e en grupo. Utilización de diversos materiais, tendo en conta as normas de seguridade. Respecto das normas de uso, de seguridade e de mantemento de instrumentos de observación e dos materiais de traballo.</p> <p>5. Uso progresivamente autónomo do tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas, imaxes etc.). Xestión de ficheiros.</p> <p>6. Aproximación experimental a cuestións científicas próximas á súa realidade.</p> <p>7. Planificación e realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións, formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, montando, realizando e extraendo conclusións e presentando informes en diferentes soportes.</p>	<p>4. Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros, coidando as ferramentas e facendo uso axeitado dos materiais.</p> <p>5. Traballar de forma autónoma o tratamento de textos.</p> <p>6. Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren dunha forma natural como sobre os que ocorren cando se provocan a través dun experimento ou dunha experiencia.</p> <p>7. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.</p>	<p>comunicación oral e escrita na presentación de resultados.</p> <p>4.1. Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, mostrando habilidades para a resolución pacífica de conflitos. 4.2. Coñece e representa actividades de primeiros auxilios. 4.3. Coñece e respecta as normas de uso e de seguridade dos instrumentos e dos materiais de traballo.</p> <p>5.1. Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc.). 5.2. Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.</p> <p>6.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións, identificando os criterios e as consecuencias das decisións tomadas.</p> <p>7.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, e mostra iniciativa na toma de decisións. 7.2. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados. 7.3. Presenta un informe de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, Internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas</p>
---	---	---

	investigacións. 7.4. Usando soporte papel e/ou dixital, realiza un proxecto e presenta un informe sobre a construción dun circuíto eléctrico, recollendo información de diversas fontes (directas, libros, Internet), con diferentes medios, e comunicando de forma oral a experiencia realizada, apoiándose en imaxes e textos escritos.
--	--

PRIMEIRO TRIMESTRE		Unidades didácticas en que se desenvolve: 1, 2 e anexo
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>Bloque 4. Materia e enerxía</p> <p>1. A luz como fonte de enerxía. Electricidade: a corrente eléctrica. Circuitos eléctricos. Magnetismo: o magnetismo terrestre. O imán: o compás. Concepto de enerxía. Diferentes formas de enerxía. A luz como fonte de enerxía. Electricidade: a corrente eléctrica. Circuitos eléctricos. Magnetismo: o magnetismo terrestre. O imán: o compás. Os cambios de estado. As reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación. Fontes de enerxías renovables e non-renovables.</p> <p>2. Planificación e realización de experiencias diversas para estudar as propiedades de materiais de uso común e o seu comportamento ante a luz, o son, a calor, a humidade e a electricidade.</p>	<p>1. Planificar e realizar experiencias diversas para estudar a luz como fonte de enerxía. A electricidade: a corrente eléctrica. Os circuitos eléctricos. O magnetismo: o magnetismo terrestre. O imán: o compás.</p> <p>2. Coñecer as propiedades de materiais de uso común e o seu comportamento ante a luz, o son, a calor, a humidade e a electricidade.</p>	<p>1.1. Observa, identifica e explica as principais características das diferentes formas de enerxía: mecánica, luminosa, sonora, eléctrica, térmica e química.</p> <p>1.2. Planifica e realiza experiencias diversas para estudar a luz como fonte de enerxía. A electricidade: a corrente eléctrica. Os circuitos eléctricos. Magnetismo: o magnetismo terrestre. O imán: o compás.</p> <p>1.3. Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica e os cambios de estado.</p> <p>1.4. Identifica e explica os beneficios e os riscos relacionados coa utilización das enerxías renovables e non-renovables: esgotamento, chuva ácida, radioactividade, expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sostible.</p> <p>2.1. Planifica e realiza experiencias diversas para estudar as propiedades de materiais de uso común e o seu comportamento ante a luz, o son, a calor, a humidade e a electricidade.</p>

<p>3. e 4. Observación dalgúns fenómenos de natureza eléctrica e os seus efectos (luz e calor).</p>	<p>3. Observar algúns fenómenos de natureza eléctrica e os seus efectos (luz e calor).</p>	<p>2.2. Planifica e realiza sinxelas experiencias e predí cambios no movemento, na forma ou no estado dos corpos por efecto das forzas ou das achegas de enerxía, comunicando o proceso seguido e o resultado obtido.</p>
	<p>4. Planificar e realizar sinxelas investigacións para estudar o comportamento dos corpos ante a luz, a electricidade, o magnetismo, a calor ou o son.</p>	<p>3.1. Observa de maneira sistemática, percibe e describe os efectos da calor no aumento da temperatura e a dilatación.</p>
<p>5. Separación de compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución.</p>	<p>5. Realizar experiencias para separar os compoñentes dunha mestura.</p>	<p>4.1. Realiza pequenos experimentos para estudar a atracción e repulsión de cargas eléctricas.</p>
<p>6. Os cambios de estado. Reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.</p>	<p>6. Realizar experiencias para estudar as reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.</p>	<p>5.1. Realiza sinxelas experiencias para separar os compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución. Comunica de forma oral e escrita o proceso seguido e o resultado obtido.</p> <p>5.2. Identifica, experimenta e exemplifica argumentando algúns cambios de estado e a súa reversibilidade.</p>
<p>7. Utilidade dalgúns avances, produtos e materiais para o progreso da sociedade.</p>	<p>7. Coñecer e valorar a utilidade dalgúns avances, produtos e materiais para o progreso da sociedade.</p>	<p>6.1. Planifica e realiza experiencias para coñecer e explicar as principais características das reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación.</p> <p>6.2. Comunica de forma oral e escrita o proceso e o resultado obtido nas diferentes experiencias.</p> <p>6.3. Respecta e valora as normas de uso, seguridade e conservación dos instrumentos e dos materiais de traballo na aula e no centro.</p>
		<p>7.1. Coñece e valora a utilidade dalgúns avances, produtos e materiais para o progreso da sociedade.</p>

Bloque 5. A tecnoloxía. Obxectos e máquinas

1.A electricidade no desenvolvemento das máquinas. Máquinas e aparellos. Tipos de máquinas na vida cotiá e a súa utilidade

2. Circuitos eléctricos sinxelos.

3. Efectos da electricidade. Condutores e illantes. A relación entre electricidade e magnetismo.

1. Coñecer os principios básicos da electricidade e da transmisión da corrente eléctrica e os que rexen as máquinas e os aparellos.

2. Planificar a construción de obxectos e aparellos cunha finalidade previa, utilizando fontes enerxéticas, operadores e materiais apropiados; realizando o traballo individual e en equipo, e proporcionando información sobre as estratexias empregadas.

3. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións sobre a transmisión da corrente eléctrica.

1.1. Identifica e explica algúns efectos da electricidade.
1.2. Pon exemplos de materiais condutores e illantes, explicando e argumentado a súa exposición.
1.3. Observa e identifica as principais características dos imáns e relaciona electricidade e magnetismo.
1.4. Identifica diferentes tipos de máquinas e clasifícaaas segundo o número de pezas, o xeito de accionalas e a acción que realizan.
1.5. Observa, identifica e describe algúns dos compoñentes das máquinas.
1.6. Observa e identifica algunha das aplicacións das máquinas e dos aparellos e a súa utilidade para facilitar as actividades humanas.
1.7. Constrúe algunha estrutura sinxela que cumpra unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas (escaleira, ponte, tobogán etc.).

2.1. Constrúe un circuito eléctrico sinxelo, identifica os seus elementos e aplica os principios básicos da electricidade e a transmisión da corrente eléctrica.

3.1. Realiza experiencias sinxelas e pequenas investigacións sobre a transmisión da corrente eléctrica, expoñendo problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, montando, realizando, extraendo conclusións,

<p>4. Descubrimientos e inventos da humanidade. Grandes investigadores, inventores e científicos.</p> <p>5. Lectura de biografías. A ciencia: a súa influencia no desenvolvemento social. Uso autónomo do tratamento de textos. Procura guiada de información na Rede. Uso das TIC (tecnoloxías da información e da comunicación). Medidas de prevención. Primeiros auxilios.</p>	<p>4. Utilizar as TIC de maneira eficaz e responsable para obter información e presentar informes.</p> <p>5. Ler biografías de grandes investigadores, inventores e científicos, recoñecendo e valorando as achegas de cada un deles ao desenvolvemento da ciencia.</p>	<p>comunicando resultado e aplicando os coñecementos fundamentais das leis básicas que rexen este fenómeno.</p> <p>4.1. Elabora un informe como técnica para o rexistro dun plan de traballo, comunicando de forma oral e escrita as conclusións.</p> <p>4.2. Utiliza recursos sinxelos proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar.</p> <p>4.3. Realiza procuras guiadas de información na Rede.</p> <p>4.4. Usa de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas, etc.).</p> <p>4.5. Toma conciencia da necesidade de controlar o tempo de entretemento coas TIC e do seu poder de adición.</p> <p>5.1. Coñece e valora algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade.</p> <p>5.2. Le algunha biografía de grandes investigadores, inventores e científicos, e valora as achegas de cada un deles ao desenvolvemento científico.</p> <p>5.3. Valora e describe a influencia do desenvolvemento tecnolóxico nas condicións de vida e no traballo.</p> <p>5.4. Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>5.5. Coñece e describe algúns dos avances da ciencia: a ciencia no transporte, as TIC, o medicamento (coñecemento do xenoma humano, transplantes, novos medicamentos e vacinas...).</p>
SEGUNDO TRIMESTRE		Unidades didácticas en que se desenvolve: 3, 4, 5 e anexo
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe

Bloque 3. Os seres vivos

1. Estrutura dos seres vivos: a célula.

Estrutura dos seres vivos: células (descrición da súa estrutura; tecidos: tipos; órganos: principais características e funcións; aparatos e sistemas: compoñentes e funcionamento).

Os seres vivos: características, clasificación e tipos.

Os animais vertebrados e invertebrados.

As plantas: estrutura e fisioloxía. A fotosíntese e a súa importancia para a vida na Terra.

2. Niveis de clasificación na materia viva.

Virus, bacterias e organismos unicelulares complexos. Fungos.

3. As relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas. Características e compoñentes dun ecosistema.

Ecosistemas: pradaría, charca, lagoa, bosque, litoral e cidade e os seres vivos. A biosfera, diferentes hábitats dos seres vivos.

Hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.

Uso de medios tecnolóxicos para o estudo dos seres vivos.

Interese pola observación e polo estudo rigoroso de todos os seres vivos.

4. Uso da lupa e doutros medios tecnolóxicos. Interese pola observación e o estudo rigoroso de todos os seres vivos.

Hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.

1. Coñecer a estrutura dos seres vivos (células), describindo a súa estrutura; tipos de tecidos; principais características e funcións dos órganos; compoñentes e funcionamento de aparatos e sistemas.

2. Coñecer diferentes niveis de clasificación na materia viva. Virus, bacterias e organismos unicelulares complexos. Fungos.

3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.

4. Usar medios tecnolóxicos, respectando as normas de uso, de seguridade e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo, e mostrando interese pola observación e o

1.1. Identifica e describe as principais características e funcións das células.

1.2. Describe e debuxa a estrutura básica da célula.

1.3. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparatos e sistemas nomeando as principais características e funcións de cada un deles.

1.4. Coñece e explica as características e funcións principais dos aparatos e sistemas; identifica os seus compoñentes e explica o seu funcionamento.

1.5. Identifica as características e clasifica os seres vivos nos distintos reinos.

1.6. Utiliza guías na identificación científica de animais e plantas.

1.7. Explica a importancia da fotosíntese para a vida na Terra.

2.1. Observa imaxes, identifica e clasifica a materia viva. Virus, bacterias e organismos unicelulares complexos. Fungos.

3.1. Investiga e explica as relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas.

3.2. Recoñece e explica algúns ecosistemas: pradaría, charca, bosque, litoral e cidade e os seres vivos que neles habitan.

3.3. Observa e identifica diferentes hábitats dos seres vivos facendo fincapé no coidado destes e nomea algunhas causas de extinción de especies.

4.1. Usa a lupa e outros medios tecnolóxicos para a observación científica.

4.2. Mostra unha certa precisión e rigor na observación e na elaboración dos traballos.

	estudo de todos os seres vivos, así como hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.	4.3. Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos. Comunica os resultados de forma oral e escrita, e manifesta interese pola súa observación e estudo. 4.4. Usa instrumentos e materiais de traballo na aula e no centro, aplicando os principios de seguridade.
--	--	---

TERCEIRO TRIMESTRE		Unidades didácticas en que se desenvolve: 6, 7 e 8
Contidos	Criterios de avaliación	
<p>Bloque 2. O ser humano e a saúde</p> <p>1. O corpo humano e o seu funcionamento. Anatomía e fisioloxía.</p> <p>2. Aparatos e sistemas. As funcións vitais na especie humana: nutrición (aparatos respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor); reprodución (aparato reprodutor).</p> <p>3. Saúde e enfermidade. Principais enfermidades que afectan os aparatos e sistemas do organismo humano. Hábitos saudables para previr enfermidades. A conduta responsable. Efectos nocivos do consumo das drogas. Avances da ciencia que melloran a saúde e a alimentación.</p>	<p>1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles e determinados hábitos de saúde.</p> <p>2. Coñecer o funcionamento do corpo humano en canto a células, tecidos, órganos, aparatos e sistemas: a súa localización, forma, estrutura, funcións, coidados etc.</p> <p>3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables e sabendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida.</p>	<p>1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano: nutrición (aparatos respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor), establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles e determinados hábitos de saúde.</p> <p>1.2. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano: reprodución (aparato reprodutor), establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles e determinados hábitos de saúde.</p> <p>2.1. Identifica e describe as principais características dos aparatos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor, e explica as súas principais funcións.</p> <p>3.1. Recoñece e explica estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento dos diferentes órganos e aparatos.</p> <p>3.2. Identifica e exemplifica hábitos saudables para previr enfermidades, e mostra unha conduta responsable.</p> <p>3.3. Coñece e explica os principios das dietas equilibradas, identificando as prácticas saudables para</p>

Coñecemento de actuacións básicas de primeiros auxilios para axudar e auxiliar os demais.
A identidade e a autonomía persoal.
A relación cos demais.
A toma de decisións: criterios e consecuencias.

previr e detectar os riscos para a saúde.
3.4. Identifica e explica os efectos nocivos do consumo das drogas e do alcohol.
3.5. Coñece e explica algúns avances da ciencia que melloran a saúde e a alimentación (medicamentos, potabilización da auga, aditivos etc.).
3.6. Coñece, representa e utiliza técnicas de primeiros auxilios en situacións simuladas e reais.
3.7. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, e desenvolve iniciativa na toma de decisións, identificando os criterios e as consecuencias das decisións tomadas.

UNIDADES DIDÁCTICAS

Unidade 1: A MATERIA

1. Obxectivos en termos de Competencias e relación coas IIMM

1. Coñecer as propiedades da materia e diferenciar entre propiedades xerais e características para identificalas nos materiais da nosa contorna. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)
2. Diferenciar entre masa e volume para utilizar correctamente ambos os conceptos na vida cotiá. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)
3. Distinguir entre substancias puras e mesturas, e coñecer as técnicas de separación para utilizalas de maneira adecuada na contorna cotiá. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)
4. Descubrir mediante experimentación o principio de flotabilidade de Arquímedes e aplicalo para determinar o volume dun corpo mergullado na auga. (Conciencia e expresións culturais / Intelixencia corporal e cinestésica)
5. Describir fenómenos físicos de forma estruturada e co vocabulario adecuado. (Comunicación lingüística / Intelixencia lingüística e verbal)
6. Analizar os posibles métodos de cálculo do volume, reflexionando e sopesando posibilidades de maneira autónoma e responsable, e escoller o máis adecuado para determinar o volume dunha buxaina. (Iniciativa emprendedora / Intelixencia intrapersonal)

Relación Contidos / Criterios de avaliación / Estándares de aprendizaxe

<i>Contidos</i>	<i>Criterios de avaliación</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>
<ul style="list-style-type: none"> • Resolución da tarefa integrada: Un laboratorio na cociña. P • Descrición do concepto de masa e volume. C • Diferenciación entre o concepto de masa e peso. C • Establecemento da relación entre densidade e flotabilidade. C • Enunciación do principio de Arquímedes. C • Discernir entre elementos materiais e non-materiais. P • Procura do valor da gravidade nos planetas que constitúen o Sistema Solar. P • Experimentación do principio de Arquímedes. P • Definición de substancia pura e mestura. C • Diferenciación entre elemento e composto. C 	<ul style="list-style-type: none"> • Realizar experiencias para estudar as reaccións químicas (combustión, oxidación e fermentación). • Coñecer e valorar a utilidade dalgúns avances, produtos e materiais para o progreso da sociedade. • Coñecer os compoñentes dunha mestura. • Realizar experiencias para separar compoñentes dunha mestura. • Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes básicas, e comunicando os resultados. • Comunicar de forma oral e escrita os resultados, e presentalos con apoios gráficos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza experiencias sinxelas para separar os compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución. • Planifica e realiza experiencias para coñecer e explicar as principais características das reaccións químicas (combustión, oxidación e fermentación). • Realiza experiencias ou experimentos sinxelos, e establece conxecturas respecto a feitos que suceden dunha forma natural ou provocada. • Comunica de forma oral e escrita o proceso e o resultado obtido nas diferentes experiencias. • Coñece e valora a utilidade dalgúns avances, produtos e materiais para o progreso da sociedade.

- | | | |
|--|--|--|
| <ul style="list-style-type: none">• Diferenciación entre mestura heteroxénea e homoxénea. C• Identificación das formas da materia. P• Descrición dos principais métodos de separación de mesturas heteroxéneas. C• Identificación do cribado e a filtración como métodos de separación de mesturas heteroxéneas. P• Descrición dos principais métodos de separación de mesturas homoxéneas. C• Identificación da evaporación como método de separación de mesturas homoxéneas. P• Recoñecemento dos principais cambios químicos que suceden na natureza. C• Enumeración das principais aplicacións dos cambios químicos. C• Identificación dos cambios químicos. P | | |
|--|--|--|

<ul style="list-style-type: none"> • Recoñecemento da dixestión como un proceso físico e químico. P • Aplicación dos contidos traballados na unidade de maneira competencial. • Resolución dunha situación: axudar a un compañeiro a medir o volume dunha buxaina. • Reflexión sobre a propia aprendizaxe. 		
--	--	--

ENSINANZAS TRANSVERSAIS

Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos

— Valorar as propias calidades como persoa, coñecer as súas aptitudes e limitacións e valorar a pertenza ao xénero feminino ou masculino.

Educación do consumidor

— Desenvolver a capacidade para tomar posturas críticas, coherentes, responsables e solidarias, e manifestar actitudes positivas nas súas accións de compra, goce de bens ou uso de servizos.

— Valorar a necesidade de mellorar o uso e a reciclaxe das materias primas, reducir o consumo de enerxía e utilizar enerxías e materias alternativas non-contaminantes.

— Analizar e valorar o papel da publicidade na incitación ao consumo.

AVALIACIÓN	DA UNIDADE	DAS COMPETENCIAS / INTELIXENCIAS MÚLTIPLES
	<p>Recursos para a avaliación (material para o profesor)</p> <p>Fichas de avaliación</p> <ul style="list-style-type: none">- Completar afirmacións sobre a masa.- Clasificar unha listaxe de substancias en puras e mesturas e responder as preguntas propostas. <p>Relacionar cada modo de separar unha mestura</p>	<p>Recursos para a avaliación (material para o profesor)</p> <p>Rúbrica de avaliación das Competencias da unidade didáctica.</p> <p>Rúbrica dos proxectos.</p> <p>Rúbricas de habilidades xerais.</p> <p>Traballo de Competencias / IIMM.</p> <p>Avaliación das Competencias / IIMM. Rexistro individual.</p> <p>Avaliación das Competencias / IIMM. Rexistro do grupo-clase.</p>

	<p>coa explicación sobre como se realiza.</p> <p>Indicar se as afirmacións propostas son verdadeiras ou falsas.</p> <p>Observación da adquisición dos contidos.</p>	<p><i>Portfolio e e-portfolio.</i></p> <p>Informe de avaliación.</p>
--	---	--

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

- Realizar experiencias para estudar as reaccións químicas (combustión, oxidación e fermentación).
- Coñecer e valorar a utilidade dalgúns avances, produtos e materiais para o progreso da sociedade.
- Coñecer os compoñentes dunha mestura.
- Realizar experiencias para separar compostos dunha mestura.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Uso correcto dos conceptos e do vocabulario propio da área ao transmitir e solicitar información.

Uso espontáneo ou en contextos cotiáns das aprendizaxes realizadas.

Grao de elaboración persoal das ideas e as respostas.

Grao de comprensión e comunicación da información.

Orde, limpeza e puntualidade na presentación de actividades: letra adecuada, expresión correcta e clara dos datos e procedementos seguidos, ausencia de faltas de ortografía...

Comportamento: respecto polos compañeiros e o profesorado e polo material; interese e motivación; atención ás explicacións; tenacidade, perseveranza, compañeirismo.

Porcentaxe ou valoración de traballos individuais, probas, exercicios...

Grao de participación nas súas intervencións, traballos en grupo, proxectos...

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

ESCRITOS	ORAIS	OUTROS
<p>Tarefas diversas do alumno/a realizadas na actividade diaria da clase.</p> <p>Actividades diversas de avaliación do alumno/a (libro, fichas, proba escrita...).</p> <p>Traballos en grupo.</p> <p>Actividades TIC: interactivas, ligazóns a Internet.</p> <p>Arquivo individual.</p> <p>Valoración da formulación e os procesos seguidos, así como do resultado obtido.</p>	<p>Preguntas individuais e colectivas.</p> <p>Diálogo.</p> <p>Exposición oral.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Proba oral individual. <p>Observación e valoración do grao de participación de cada alumno/a e a calidade das súas intervencións.</p>	<p>Rúbrica das unidades didácticas.</p> <p>Rúbrica dos Proxectos.</p> <p>Rúbricas de habilidades xerais.</p> <p>Avaliación das Competencias / IIMM. Rexistro individual.</p> <p>Avaliación das Competencias / IIMM. Rexistro do grupo-clase.</p> <p><i>Portfolio e e-portfolio.</i></p> <p>Informe de avaliación.</p>

Unidade 2: A ENERXÍA

1. Obxectivos en termos de Competencias e relación coas IIMM

1. Identificar as principais formas de enerxía e as fontes de que proceden para clasificalas en fontes renovables ou non-renovables. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)
2. Recoñecer a luz, o son e a calor como fontes de enerxía e coñecer as súas propiedades para comprender os fenómenos que desencadean na contorna cotiá. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)
3. Coñecer as distintas formas de obter enerxía eléctrica e saber como se transporta ata os lugares onde se consome para valorar a súa utilidade. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)
4. Identificar os compoñentes dun circuíto eléctrico para comprender o seu funcionamento. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)
5. Coñecer as aplicacións da enerxía eléctrica na contorna próxima para realizar un uso responsable dela. (Sociais e cívicas / Intelixencia interpersonal)
6. Coñecer en que consiste o magnetismo, os imáns e os electroimáns, así como as súas utilidades, para valorar a súa importancia na vida cotiá. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)
7. Describir fenómenos físicos de forma estruturada e co vocabulario adecuado. (Comunicación lingüística / Intelixencia lingüística e verbal)
8. Deseñar unha campaña contra o malgasto enerxético, reflexionando e sopesando posibilidades de maneira autónoma para fomentar o uso responsable da enerxía. (Iniciativa emprendedora / Intelixencia intrapersonal)

2. Relación Contidos / Criterios de avaliación / Estándares de aprendizaxe

<i>Contidos</i>	<i>Criterios de avaliación</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>
